



DATOS IDENTIFICATIVOS

Interculturalismo en Entornos Socio-educativos

Materia	Interculturalismo en Entornos Socio-educativos			
Código	O05M138V01101			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OP	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Cid Fernández, Xosé Manuel			
Profesorado	Cid Fernández, Xosé Manuel de Jesús Rodríguez, María Elena Fernández Simo, Jesús Deibe			
Correo-e	xcid@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral	<p>A materia forma parte do módulo Interculturalismo e educación, no que tamén se inclúe "Interculturalismo en contextos escolares".</p> <p>Os estudantes cursan en primeiro lugar esta materia, que pretende fornecer un panorama dos desafíos sociais e culturais que plantexa a realidade multicultural e multilingüe da Comunidade Autónoma Galega, designadamente visibilizada pola recente e cada vez máis relevante presenza de inmigrantes e retornados, e que tenta construír respostas innovadoras desde o interculturalismo crítico para o ámbito socioeducativo en xeral.</p> <p>É por iso que entendemos esta materia como un espazo de reflexión crítica que interprete tamén desde unha óptica [xeográfica] o fenómeno da mobilidade e das migracións, que formule propostas innovadoras sobre a xestión da diversidade lingüística e cultural para a Galiza do século XXI e que impulse un diálogo intercultural igualitario con persoas, colectivos e asociacións de inmigrantes de diferentes culturas e linguas co obxectivo de achar valores compartidos para a convivencia e solucións comúns para a superación das barreiras sociais, para alén de proporcionarlle ao alumnado os recursos necesarios para estimular e potenciar a súa capacidade de autocrítica no plano das crenzas, actitudes e condutas estereotipadas e prexuzosas fronte ás persoas e grupos pertencentes a outras culturas.</p> <p>En conclusión, a materia "Interculturalismo en entornos socio-educativos" participa na consecución daqueles obxectivos do máster que fan referencia, especialmente, á adquisición de formación teórica de carácter multidisciplinar no ámbito do interculturalismo, a análise de situacións reais e de experiencias educativas innovadoras, así como no coñecemento, deseño, desenvolvemento e avaliación de programas, actividades e materiais de carácter socioeducativo e intercultural.</p>
------------------	---

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos relacionados coa diversidade e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A3	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.
A5	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

B1	Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teóricos-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas.
B2	Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación.
B4	Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas.
B5	Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, nomeadamente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos.
C1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de describir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar
C2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras
C3	Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador
C7	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade
C8	Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado
C9	Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade
C12	Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade
C13	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade
D2	Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios
D3	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade
D4	Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas
D5	Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de opinións

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Reforzar a capacidade de saber aplicar os coñecementos adquiridos á resolución de problemas en contextos amplos e interdisciplinarios mediante, entre outras metodoloxías, estratexias de aprendizaxe cooperativa e de aprendizaxe baseada en problemas/casos/proxectos	A2 A5 B4 B5 C2 C8 D2 D5
Desenvolver representacións e actitudes positivas cara as diferentes linguas e culturas	A2 B1 C13 D3
Analizar e avaliar os diferentes modelos de xestión da diversidade lingüística e cultural	A2 B4 C2 C3 D5
Promover movementos, asociacións e entidades de educación no ocio e no tempo libre que estimulen a presenza e a participación de crianzas, mozos e mozas inmigrantes e retornados para codefinir e coconstruír un mundo de todos desde o diálogo libre de imposicións	A3 B4 B5 C7 C13 D2 D3
Deseñar programas e/ou actividades e materiais de uso por asociacións de atención a colectivos culturalmente diversos, para favorecer a normalización da convivencia de diferentes culturas	A5 B4 B5 C2 C3 C12 D2 D5

Analizar e valorar prácticas educativas innovadoras relacionadas coa normalización da convivencia no ámbito local	A2 B2 C12 C13 D2
Identificar os servizos socio-comunitarios e as súas actividades profesionais que se ofrecen a inmigrantes individual ou colectivamente	A2 B5 C7 D3
Levar a cabo actividades de planificación e avaliación de iniciativas interculturais, empregando metodoloxías que favorezan o traballo colaborativo entre alumnado, profesionais e con asociacións de inmigrantes	A2 A3 B4 C2 C8 D3 D5
Ser capaz de valorar positivamente os sistemas culturais minoritarios, incluído o propio, que, paradóxicamente, se pode considerar minoritario no propio territorio, por baixa autoestima e carencia dunha política de posta en valor dos valores culturais galegos e os relacionados coas colectividadeas xeográficamente próximas	A2 B4 B5 C8 C9 C12 D3 D4
Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos xeográficos ó seu traballo no campo do interculturalismo	A2 B1 C1 C3 D4
Proporcionar os recursos necesarios para potenciar a súa capacidade reflexiva e para adoptar unha actitude responsábel, respectuosa e cooperativa no traballo con persoas e grupos de inmigrantes	A2 A3 B2 B5 C2 C9 D3 D5
Coñecer os diferentes enfoques teóricos e análises da realidade da convivencia entre colectivos con diferenzas lingüísticas e culturais	A2 B1 B2 C1 C12 D2 D4 D5
Reflexionar sobre os contributos que a Psicoloxía Social pode ofrecer como ferramenta explicativa á hora de dar conta dos procesos que rixen a conduta interpersonal e intergrupais	A2 B1 B4 C1 C2 D2
Contribuír á educación intercultural profundizando no coñecemento dos fenómenos subxacentes ao desenvolvemento de prexuízos e de actitudes e comportamentos discriminativos fronte ás persoas diferentes	A2 A5 B1 B2 B5 C3 C12 D3
Lograr competencias para manexar eficazmente os conflitos intergrupais xurdidos no ámbito da multiculturalidade e para promover actitudes cooperativas previndo e/ou reducindo os prexuízos	A5 B4 C3 C9 C13 D3 D5

Saber interpretar críticamente os mecanismos (latentes ou manifestos, conscientes ou inconscientes) mediante os que a cultura ou os colectivos dominantes continúan a manter minorizados a grupos lingüísticos, étnicos, socioculturais...	A2 A5 B1 B5 C1 C9 C12 D2 D4
--	---

Contidos

Tema	
1. O dereito á diferenza. Implicacións socioeducativas do interculturalismo	1.1. A educación intercultural nos contextos socioeducativos 1.2. Interculturalismo e educación para a paz 1.3. Experiencias socioeducativas na nosa realidade
2. A perspectiva intercultural desde as diversas realidades xeográficas	2.1. As diferentes áreas xeográficas no marco natural 2.2. As diferentes áreas xeográficas no marco sociocultural 2.3. As migracións no mundo actual 2.4. A integración na comunidade local da diversidade sociocultural
3. Aspectos psicosociais das comunidades con diversidade social e cultural	3.1. Estereotipos: clasificación, funcións e orientacións teóricas 3.2. Relación entre estereotipo, prexuízo e discriminación 3.3. As relacións intergrupais. Enfoques teóricos: teoría do conflito realista e teoría da identidade social 3.4. Psicoloxía social aplicada á resolución de conflitos intergrupais. Cambio de actitudes e redución de prexuízos
4. A xestión do plurilingüismo e do interculturalismo en Galicia como desafío histórico	4.1. Principios, estratexias e boas prácticas para unha política plurilingüe e intercultural 4.2. Caracterización e tipoloxía de situacións pluriculturais e plurilingües complexas. Galicia como desafío e como proxecto

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	14	13	27
Seminario	6	18	24
Seminario	4	4	8
Lección maxistral	7	17.5	24.5
Traballo	0	25	25
Práctica de laboratorio	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante
Seminario	Convite a persoas con experiencia práctica. Reflexión sobre a súa actuación profesional e o labor que desenvolve a entidade na que traballa
Seminario	Axuda para a realización dos TRABALLOS TUTELADOS. O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Lección maxistral	Exposición ao alumnado da información básica sobre os contidos da materia e/ou directrices sobre os traballos, exercicios ou proxectos a desenvolver polos discentes de forma individual ou colectiva

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante
Seminario	Axuda para a realización dos TRABALLOS TUTELADOS. O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...

Probas	Descrición
Traballo	Os aprendices, individualmente ou en pequeno grupo, presentan e/ou defenden na aula un texto escrito como resposta a unha cuestión complexa previamente planificada na súa arquitectura básica.
Práctica de laboratorio	Os estudantes, individualmente ou en pequeno grupo, presentan e defenden nas sesións presenciais respostas ben argumentadas a cuestións suscitadas por eles mesmos ou polo profesor.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Valoración das actividades realizadas na aula ou en outros contextos controlados	60	A2 A3	B4 B5	C1 C2 C9 C12 C13	D4 D5
Traballo	Valoración do traballo tutelado, individual ou grupal	30	A2 A3 A5	B1 B2 B4	C1 C2 C8 C9 C12	D2 D5
Práctica de laboratorio	Participación da actividade de módulo	10	A3	B4	C3 C12	D4 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

As actividades non superadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas.

O alumnado que por motivo xustifico non poda asistir a todas as sesións presenciais contará con actividades alternativas.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores en exercicio que acrediten un horario incompatible con las clases presenciales; en todo caso, garantizando a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado

Recomendacións, outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Os dez puntos da calificación global da materia coresponderán a:

- 1 PUNTO: Participación na actividade do módulo e realización de tarefas derivadas da mesma.
- 1.5 PUNTOS: Traballos, presentacións e/ou actividades de aula (Tema 1).
- 1.5 PUNTOS: Traballos, presentacións e/ou actividades de aula (Tema 2)
- 1.5 PUNTOS: Traballos, presentacións e/ou actividades de aula (Tema 3).
- 1.5 PUNTOS: Traballos, presentacións e/ou actividades de aula (Tema 4).
- 3 puntos: Traballo de reflexión sobre textos recomendados sobre interculturalismo

Para facilitar unha perspectiva global máis coordinada da materia, o alumnado deberá utilizar o POWER POINT facilitado, sobre os aspectos transversales máis relevantes. Alén diso, nas actividades de cada tema avaliarase positivamente o esforzo de relacionar os diferentes aspectos da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Cid, X. M.; Soutelo, R. Dominguez, X. C., **As migracións nas sociedades contemporáneas: os desafíos na Galicia actual (tema 1)**, Sotelo Blanco, 2008
- Valero Matas, J.A., **La educación social ante los nuevos retos de la inmigración y los servicios sociales (tema 1)**, Universidad de Valladolid, 2008
- Nogué Font, J. et Rufí, J. V., **Geopolítica, identidad y globalización (tema 2)**, Ariel, 2001
- VV.AA., **Atlas mundial ilustrado (tema 2)**, Everest, 2006
- Zárate Martín, M. A., et Rubio Benito, M. T., **Geografía Humana. Sociedad, Economía y Territorio (tema 2)**, Ed. Ramón Areces, 2005
- Expósito, F. et Moya, M. (coords.), **Aplicando la Psicología social (tema 3)**, Pirámide, 2005
- Martínez García, M. F., **Diversidad cultural: una oportunidad y un desafío para la convivencia. Psicología científica (tema 3)**, www.psicologiacientifica.com, 2006
- Vila, E. (coord.), **Pedagogía de la alteridad. Interculturalidad, género y educación (tema 3)**, Popular, 2007
- Beacco, J. C. et al., **Guide pour le développement et la mise en oeuvre de curriculums pour une éducation plurilingue et interculturelle (tema 4)**, Edición revisada en 2015, Conseil de l'Europe-DPL, 2016
- Beacco, J. C. et Byram, M., **Guide pour l'élaboration des politiques linguistiques éducatives en Europe (tema 4)**, Conseil de l'Europe-DPL, 2007
- Conseil de l'Europe-Comité de Ministres, **Libro Blanco sobre el diálogo intercultural (tema 4)**, Versión Ministerio de Cultura, 2009
- Leclerc, J., **L'aménagement linguistique dans le monde (tema 4)**, Última versión electrónica, CEFAN, Université Laval, 2016
- ## Bibliografía Complementaria
- Proxecto Atántida, **Interculturalidad y Educación: Un nuevo reto para la sociedad democrática**, 2003
- Aguilar, M.J. (dir.), **Inmigración, interculturalidad y ciudadanía. Nuevas realidades y estrategias de acción en la España del siglo XXI**, Edición en DVD-ROM, UCLM-MCYT, 2005
- Cid, X. M.; Feijoo, X.; Veloso, S. et Carita, L., **A experiencia de Ponte... nas ondas! e a candidatura do patrimonio inmaterial galego-português á UNESCO. In Pereiro, X. (coord): As fronteiras e as identidades raianas entre Portugal e España**, Galaxia, 2007
- Cid, X. M. et Fernández, R., **Camiños para o encontro Galicia □ Portugal. In Claves de educación e de cultura**, Lethes, 7, 50-69, 2006
- Cid, X. M., Dapía, M. D. Heras, P. Payá, M., **alores transversales en la práctica educativa**, Síntesis, 2001
- García Molina, J. et Marí, R. (coodds.), **Pedagogía social y mediación educativa**, Asociación de Educadores Sociales de C-LM, 2002
- González, S., **Abrente incerto. Pobreza, dereitos humanos e desenvolvemento na Galicia de hoxe**, Sotelo Blanco, 1999
- Jares, X. R. (coord.), **Educación e Paz II. Presente e futuro da construción da Paz**, Xerais, 2008
- Suárez Sandomingo, J. M. (Coord.), **La interculturalidad pedagógica: nuevos enfoques, nuevas prácticas**, Axac, 2005
- Touriñán, J. M. et Santos, M. (eds.), **Interculturalidad y educación para el Desarrollo. Estrategias sociales para la comprensión internacional**, Xunta de Galicia, 1999
- VV.AA., **Curso de castellano para inmigrantes y refugiados**, Fundación Largo Caballero, 2000
- Corna-Pellegrini, G., **La reflexión geográfica para prepararse al multiculturalismo**, Scripta Nova, 94 (2), 1-13., 2001
- Brown, R., **Prejuicio: su psicología social**, Alianza Editorial, 1998
- Essomba, M. A., **Diez ideas clave. La gestión de la diversidad cultural en la escuela**, Graó, 2008
- Rodríguez, A., **Psicología social de los prejuicios. In Álvaro, J.L., Garrido, A. et Torregrosa, J.R. (coords.). Psicología social aplicada**, McGraw-Hill, 1996
- Solé, C. (ed.), **Racismo, etnicidad y educación intercultural**, Universitat de Lleida, 1996
- Solé, C., **Visiones teóricas y actualidad del racismo**, Universitat Autònoma de Barcelona, 1996
- Van Dijk, T., **Racismo y discurso de las elites**, Gedisa, 2003
- VV.AA., **La interculturalidad que viene. El diálogo necesario**, Icaria, 1998
- Burgueño, J., **El mapa escondido: las lenguas de España**, Boletín de la A.G.E., 34, 171-192, 2003
- Castellotti, V. et Moore, D., **Valoriser, mobiliser et développer les répertoires plurilingues et pluriculturelles pour une meilleure intégration**, Conseil de l'Europe-UPL, 2010
- Conseil de l'Europe-UPL, **Migrants adultes: intégration et éducation**, www.coe.int/lang-migrants (Site ILMA), 2015
- Conseil de l'Europe-UPL, **Enfants et Adolescents issus de l'immigration. Intégration et éducation**, www.coe./lang/fr, 2013
- Consello da Cultura Galega, **A(s) lingua(s) a debate. Inquérito sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega**, Edición revisada e ampliada, 2012
- Duarte Collazo, S., **O estándar galego: reintegracionismo vs. autonomismo**, Romanica Olomucensia, 26 (1), 1-13, 2014
- Esteban-Guitart, M. et Saubich, X., **La práctica educativa desde la perspectiva desde los fondos de conocimiento e identidad**, Teoría Educativa, 25, 189-211, 2013
- Fernández Bello, P., **Bases para un espacio comunicativo común Galiza- Norte de Portugal (texto presentado a la Conferencia Internacional de Barcelona sobre el Plurilingüismo en Europa)**, AGALIA, 27, 363- 371, 1991
- Fernández Bello, P., **Galiza-Gallaecia-Portugal: umha realidade negada**, AGALIA, 43, 285-297, 1995
- Garrido, C., **Estado actual e perspectivas da norma lexical**, AGALIA, 57, 3-25, 1999

- Garrido, C., **Estratexia para a habilitaom em galego das lnguas especializadas cientfico-tcnicas**. In **Lingua e Investigacin. II Xornadas sobre Lingua e Usos**, Servizo de Publicacins, 2006
- Gonzlez Gonzlez, M. (dir.), **Mapa sociolingstico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingstica en Galicia**, RAG-Seminario de Sociolingstica, 2007
- Gonzlez Gonzlez, M. (dir.), **Mapa sociolingstico de Galicia 2004. Vol. 2: Usos lingsticos en Galicia**, RAC-Seminario de Sociolingstica, 2008
- Instituto Galego de Estadstica (IGE), **Enquisa de condicin de vida das familias. Coecemento e uso do galego. Ano 2013. Resumo de Resultados**, Xunta de Galicia, 2014
- Gonzlez Gonzlez, M. (dir.), **Mapa sociolingstico de Galicia 2004. Vol. 3: Actitudes lingsticas en Galicia**, RAC-Seminario de Sociolingstica, 2011
- Lagares, X. C., **O galego em seu labirinto: breve anlise glotopoltica**, Letras, Santa Maria, 21 (42), 97-128, 2011
- Little, D. (dir.), **Intgration linguistique et educative des enfants et adolescents issus de l'immigration**, Conseil de l'Europe-UPL, 2010
- McPake, J. et Tinsley, T. (coords.), **Valoriser toutes les langues en Europe**, Centre europen pour les langues vivants, 2007
- Mian Massana, A., **La regulacin constitucional del multilingismo**, Revista Espapla de Derecho Constitucional, 10, 12, 1984
- Monteagudo, H. et Alonso Pintos, S., **Que lusofonia para a Galiza**, Anuario Internacional de Comunicao Lusfona/2010, 2010
- Monteagudo, H. (dir.), **O idioma galego na sociedade: a evolucin sociolingstica 1992-2008**, Consello da Cultura Galega/SS, 2011
- Monteagudo, H., **Poltica lingstica en Galicia: apuntes para un nuevo balance**, QVR, 39, 21-39, 2012
- Ramallo, F., O'Rourke, B., **Perfiles neohablantes de galego**. In Puigdevall, M. (coord.), **Los nuevos hablantes de lenguas minoritarias: pertinencias y legitimidades [dossier en lnea]**, Digithum, 16, 98-105, 2014
- Santos Rego, M. A., Lorenzo, M., Samartino, E., **Los nuevos aprendices del galego. Articulando materiales para el empoderamiento lingstico y la inclusin educativa**, Segundas lenguas e inmigracin en red, 3, 106-123, 2010
- Santos Rego, M. A., Cerndas Ros, F. X., Lorenzo Moledo, M. M., **O profesorado de educacin infantil e primaria diante da inmigracin e da educacin intercultural**, Eduga: Revista Galega do Ensino, 63, 43-62, 2012
- Thrmann, E., Volmer, H. et Pieper, I., **Langue de scolarisation et apprenants vulnrables**, Conseil de l'Europe-UPL, 2010
- Xunta de Galicia, **Plan de acollida. Orientacins para a sa elaboracin. Materias de apoio ao profesorado para a atencin educativa ao alumnado procedente do extranxeiro**, Grafisant, 2005
- Xunta de Galicia, **Memorando de entendemento entre a Xunta de Galicia e o Cames para a adopcin do portugus como lingua extranxeira**, 2015
- Xunta de Galicia-DOGA, **Decreto 79/2010 para el plurilingismo en la ensanza no universitaria de Galicia**, 2010
- Xunta de Galicia-DOGA, **Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e vnculos coa lusofona**, 2014

Recomendacins

Outros comentarios

O calendario de actividades de aula estar ao dispor dos discentes desde a sesin de acollida ao Mster. Na presentacin da materia, tamn se entregará aos presentes unha copia do POWER POINT no que se sulian as DIMENSINS TRANSVERSAIS aos catro temas impartidos por profesorado diferente pondo en destaque a unidade englobante apuntada polo ttulo da materia.
